

Concepto	Puntuacións parciais	Total
1. Antigüidade (máximo 5 puntos) Por cada ano de funcionario de carreira no corpo docente.....	0,50	
2. Méritos académicos (máximo 2 puntos)		
2.1. Polo título de doutor.....	1	
2.2. Titulacións segundo ciclo.....	0,5	
2.3. Titulacións primeiro ciclo.....	0,25	
3. Formación e perfeccionamento (máximo 6 puntos)		
3.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas (0,10 puntos por c/10 horas).....	Ata 2 puntos	
3.2. Por outras actividades de formación (0,10 puntos por c/10 horas).....	Ata 1 punto	
3.3. Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto a que se pretende acceder (0,10 puntos por c/10 horas).....	Ata 3 puntos	
4. Publicacións, proxectos, innovacións técnicas (máximo 3 puntos)		
4.1. Por publicacións de carácter didáctico, de carácter xeral.....	Ata 1 punto	
4.2. Por publicacións de carácter didáctico relacionadas coa praza que solicita.....	Ata 2 puntos	

Orde do 3 de marzo de 2004 pola que se convoca concurso de méritos para cubrir postos de asesores e/ou asesoras especialistas no Servicio de Formación do Profesorado.

A Xunta de Galicia, a través do Decreto 245/1999, do 29 de xullo (DOG do 1 de setembro), regula a formación permanente do profesorado que imparte ensinanzas de niveis non universitarios en centros docentes públicos e privados concertados da Comunidade Autónoma galega e establece, no epígrafe 2º do seu artigo 1, que a dita formación permanente se desenvolverá a través do Servicio de Formación do Profesorado e dos centros de Formación e Recursos.

Para poder levar a cabo as súas funcións no Servicio de Formación do Profesorado existe un equipo de asesores especialistas de área ou materia, familia profesional, ensinanzas de réxime especial, educación infantil e orientación educativa, sendo competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determina-lo perfil profesional deles, o cadro de asesores, o procedemento para o acceso a esta función e o proceso de avaliación do exercicio dela.

O perfil profesional dos candidatos e candidatas para desempeñar postos de asesores ou asesoras especialistas no Servicio de Formación do Profesorado deberá responder ó dun profesional do ensino de niveis educativos non universitarios capaz de colaborar no desenvolvemento das funcións que o Decreto 245/1999, no seu artigo 3, lle atribúe á Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional. E, polo tanto, é importante que posúa unha sólida formación sobre a epistemoloxía, a estrutura e a didáctica da área ou materia, así como un amplo coñecemento sobre os distintos elementos que conforman o currículo.

Neste senso, consideraranse as destrezas básicas no manexo das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ó ensino, os fundamentos e as estratexias de avaliación e a capacidade de innovación e produción de materiais didácticos.

Debido á existencia de vacantes no cadro de asesores ou asesoras especialistas do Servicio de Formación do Profesorado, cómpre proceder a realiza-la oferta pública destas prazas.

En consecuencia, e en uso das atribucións que ten conferidas, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócase concurso público de méritos para cubri-los postos de asesores e/ou asesoras especialistas no Servicio de Formación do Profesorado que se especifican no anexo I desta orde.

Artigo 2º.-Concursantes.

Poderán participar neste concurso os funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas de niveis non universitarios, con destino en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que reúnan os requisitos xerais fixados no artigo 3º desta orde.

Artigo 3º.-Requisitos.

Os profesores e as profesoras solicitantes deberán reuni-los seguintes requisitos con data do 31 de agosto de 2004:

1. Encontrarse en situación de servicio activo, ou servicios especiais, na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Contar cun mínimo de 3 anos de experiencia docente como funcionario de carreira. Para estes efectos computarase este curso académico.

Artigo 4º.-Instancias e documentación.

1. Instancias.

A) Os participantes no concurso deberán presenta-la súa solicitude mediante instancia axustada ó modelo que se publica no anexo II desta convocatoria, indicando as prazas que se solicitan por orde de preferencia.

B) A instancia, así como a documentación á que se alude no artigo 4º 2 desta convocatoria, poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio admi-

nistrativo de San Caetano, 15781 Santiago de Compostela), nos rexistros das delegacións provinciais da consellería ou en calquera das dependencias que sinala o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e dirixiránse á directora xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional.

No caso de que se presentase a solicitude nunha oficina de correos, farase en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

2. Á instancia xuntárase a seguinte documentación:

A) Folla de alegacións e autobarefacción, axustada ó modelo que se publica no anexo IV desta convocatoria.

B) Documentación á que se refire o anexo III desta convocatoria, para acreditar tódolos servizos e méritos alegados así como unha relación numerada, dataada e asinada, dos documentos presentados seguindo a orde que aparece no citado anexo. Aqueles méritos alegados e non xustificadas documentalmente non serán tidos en conta.

C) Proxecto de traballo como asesor ou asesora especialista no Servizo de Formación do Profesorado, cunha extensión máxima de 20 páxinas, tamaño DIN-A4, a unha soa cara, a dobre espazo e tamaño de letra de 12 puntos.

Na valoración dos proxectos terase en conta o carácter innovador na súa formulación, así como a capacidade para organizar, orientar e dar resposta ás situacións coas que poidan atoparse no desenvolvemento das súas funcións.

Artigo 5º.-Prazo de presentación.

1. O prazo de presentación de instancias e documentos será dun mes contado a partir do día seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Os méritos alegados fóra do prazo de presentación das solicitudes non se terán en conta nin serán valorados.

Artigo 6º.-Comisión de selección.

1. Este concurso será resolto por unha comisión de valoración formada polos seguintes membros:

-Presidente: o secretario xeral, ou persoa en quen delegue.

-Vocais: ata un máximo de catro vocais, con categoría de subdirector xeral, xefe de servizo ou membros da Inspección Educativa.

-Un funcionario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario, con voz e sen voto.

-Os sindicatos integrantes da mesa sectorial de persoal docente non universitario poderán nomear un representante para asistir ás sesións da comisión.

-A comisión poderá solicita-la incorporación ós seus traballos de asesores especialistas, limitándose os devanditos asesores a prestaren a súa colaboración.

2. A comisión poderá dispoñer-la constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles méritos e/ou proxectos de traballo que coiden pertinentes. Cada un dos sindicatos da mesa sectorial docente poderá nomear un representante para a asistencia ás sesións da subcomisión con voz e sen voto.

3. Os membros da comisión e da subcomisión estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, estando cualificadas na categoría primeira.

Artigo 7º.-Selección.

O proceso de selección constará de dúas fases. Unha primeira na que se valorarán os méritos alegados e mailo proxecto, e unha segunda na que se realizará unha entrevista ós aspirantes que superen a primeira fase.

Artigo 8º.-Primeira fase da selección.

1. A comisión fará públicas as puntuacións provisionais asignadas a cada un dos aspirantes, como resultado da aplicación do baremo que figura no anexo III. Estas listaxes publicaranse nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e das delegacións provinciais, así como na páxina web da Xunta de Galicia no seguinte enderezo electrónico: <http://www.edu.xunta.es/persoal/concursos>.

2. Os aspirantes poderán presenta-las alegacións que coiden convenientes contra a listaxe provisional, dirixidas ó presidente da comisión, no prazo de dez días naturais contados a partir do seguinte ó da súa publicación, por calquera dos procedementos recollidos no artigo 4º.1 b) desta orde.

3. Unha vez estudadas e resoltas as alegacións presentadas, a comisión publicará a lista definitiva das puntuacións nos epígrafes de méritos e proxecto de traballo, nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como na páxina web da Xunta de Galicia no seguinte enderezo electrónico: <http://www.edu.xunta.es/persoal/concursos>.

Artigo 9º.-Segunda fase da selección.

1. Tódolos aspirantes que obteñan unha puntuación mínima de 4 puntos no proxecto serán convocados pola comisión de selección á realización dunha entrevista para apreciar mellor as circunstancias que concorren neles, e que versará sobre o proxecto presentado e sobre o desenvolvemento das funcións de asesoría.

2. Aqueles aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 4 puntos no proxecto e de 4 puntos na entrevista non poderán ser propostos pola comisión, e serán seleccionados aqueles aspirantes que, obtendo as puntuacións mínimas sinaladas, acaden as maiores puntuacións no total dos epígrafes contemplados no baremo establecido no anexo III, para a praza que solicitan.

3. No caso de producirse empates no total de puntuacións outorgadas, estes resolveranse atendendo sucesivamente e por esta orde á maior puntuación nos epígrafes 7, 2.1, 1.1, 1.2 e 5.

Artigo 10º.-Proposta de nomeamento.

1. A relación provisional dos concursantes preleccionados farase pública nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como na páxina web da Xunta de Galicia no seguinte enderezo electrónico:

<http://www.edu.xunta.es/persoal/concursos>

Establecerase un prazo de dez días naturais contados a partir do seguinte ó da súa publicación, para que os interesados poidan efectuar as posibles reclamacións ou renuncias ás prazas adxudicadas provisionalmente.

O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de seis meses contado desde o día da súa publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, tendo efectos desestimatorios a falta de resolución expresa neste período.

2. Unha vez resoltas as reclamacións, admitidas as posibles renuncias e superado un proceso de formación por parte dos seleccionados, a comisión remitiralle ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria a proposta de resolución desta convocatoria, xunto coa acta definitiva coa expresión das valoracións outorgadas a cada un dos candidatos, así como a relación final das persoas seleccionadas con mención do posto que se lle adxudicará a cada unha delas.

Artigo 11º.-Resolución da convocatoria.

1. Unha vez realizado todo o proceso anterior, a comisión de selección proporalle ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria a adxudicación de postos, que será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e pola que se entenderán notificados, para tódolos efectos, os concursantes ós que lles afecte.

O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de seis meses contados desde o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, tendo efectos desestimatorio a falta de resolución expresa neste período.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116

e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

2. As prazas adxudicadas son irrenunciabes. Os funcionarios e funcionarias docentes que resulten seleccionados por esta convocatoria quedarán adscritos ós postos adxudicados a partir da data que se indique na resolución definitiva, e permanecerán neles en réxime de comisión de servizos, con reserva do posto de traballo de orixe, por un período dun ano, renovable ano a ano ata un máximo de seis no suposto de superación do proceso de avaliación do exercicio da súa actividade (artigo 15 do Decreto 245/1999).

Artigo 12º.-Devolución da documentación presentada.

Unha vez transcorridos tres meses desde a data de publicación da resolución definitiva, os interesados, ou os seus representantes legais, poderán retirar a documentación ante o presidente da comisión.

Artigo 13º.-Retribucións.

Para efectos de retribucións, en concepto de complemento específico, os funcionarios docentes que resulten seleccionados poderán percibir o complemento específico correspondente a membros de equipos da reforma, segundo o establecido no anexo VI.dous da Orde do 12 de xaneiro de 2004 (DOG do 22 de xaneiro) pola que se dictan instrucións para a confección de nóminas do persoal ó servizo da Administración Autonómica para o ano 2004.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Persoal para dictar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2004.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Postos de asesores e/ou asesoras especialistas do Servizo de Formación do Profesorado

Asesoría de:	Nº de prazas
Xeografía e historia	1
Educación física	1
Calidade na formación permanente	1

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE MÉRITOS PARA POSTOS DE ASESORES E/OU ASESORAS DO SERVICIO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO			
DATOS DO SOLICITANTE			
APELIDOS:	NOME:	NIF:	
ENDEREZO PARTICULAR:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:	TELEFONO:
CONCELLO:	CP:		
DATOS PROFESIONAIS			
Nº REGISTRO PESSOAL:			
PERTENCENTE Ó CORPO DE:			
NOME DO CENTRO DE TRABALLO:			
ENDEREZO:	LOCALIDADE:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:
CONCELLO:	PROVINCIA:		
RELACIÓN DE POSTOS SOLICITADOS:			
Marque con X a/as prazas solicitadas. Marque con 1, 2 ou 3 a sua orde de preferencia polas prazas solicitadas			
Xeografía e historia			
Educación física			
Calidade na formación permanente			
SOLICITA TOMAR PARTE NO CONCURSO DE MÉRITOS CONVOCADO POLA ORDE DO DE DE 2004 E DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE SEREN CERTOS TÓDOLOS DATOS QUE SE INDICAN.			
DATA E SINATURA DO SOLICITANTE: _____ En _____ de _____ de 2004			

DIRECTORA XERAL DE ORDENACIÓN EDUCATIVA E FORMACIÓN PROFESIONAL. CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. SANTIAGO DE COMPOSTELA.

ANEXO III

Baremo

Méritos	Puntos por curso, actividade, etc.	Total puntos máximo	Documentos xustificativos
1. Méritos específicos relacionados co posto ó que aspira:			
1.1. Dirección ou coordinación de actividades de formación do profesorado organizadas ou homologadas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. Non se valorarán as actividades realizadas durante o período de desempeño da súa función nas estruturas de formación.	Ata 25 horas 0,05 De 26 a 50 horas 0,10 De 51 a 100 horas 0,15 Máis de 100 horas 0,20	1	Fotocopias cotexadas das certificacións acreditativas.
1.2. Participación como relator/a en actividades de formación do profesorado organizadas ou homologadas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. Non se valorarán as actividades realizadas durante o período de desempeño da súa función nas estruturas de formación.	Ata 5 horas 0,05 De 6 a 10 horas 0,10 Máis de 10 horas 0,15	1	
1.3. Participación en programas europeos.	0,25 por actividade.	0,5	
1.4. Participación en programas ou actividades de investigación e innovación educativa relacionados coa especialidade á que se opta e que sexan convocados ou recoñecidos pola Administración.	0,50 por actividade.	2	
1.5. Participación en programas ou actividades de investigación e innovación educativa de carácter xeral e que sexan convocados ou recoñecidos pola Administración.	0,50 por actividade.	1	
1.6. Por cada ano de servizo nas estruturas de formación do profesorado.	0,50 por ano.	2	
2. Asistencia a actividades de formación:			
Por asistencia a actividades de formación do profesorado organizadas ou homologas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades:	Ata 25 horas 0,05 De 26 a 50 horas 0,10 De 51 a 100 horas 0,15 Máis de 100 horas 0,20		Fotocopias cotexadas das certificacións acreditativas.
2.1. Actividades sobre aspectos curriculares, metodolóxicos e de avaliación propios da especialidade á que opta.		2	
2.2. Actividades relacionadas con aspectos curriculares, metodolóxicos e de avaliación, de carácter xeral.		1	
2.3. Actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación.		1	
2.4. Actividades relacionadas cos idiomas, cos temas transversais do currículo ou coa atención á diversidade.		0,5	
3. Publicacións:			
3.1. Publicacións de carácter científico, pedagóxico e didáctico relacionadas coa especialidade á que opta.	Por libro ata 1 Por artigo ata 0,25 Por vídeo, cassette, CD, disquete e outras similares ata 0,25	2	Exemplares correspondentes con ISBN ou ISSN.
3.2. Publicacións educativas de carácter xeral.		1	

Concepto	Puntuacións parciais (máximo)	Puntuación total
2. Asistencia a actividades de formación: Por asistencia a actividades de formación do profesorado:	2	
2.1. Actividades sobre aspectos curriculares, metodolóxicos e de avaliación propios da especialidade á que opta.		
2.2. Actividades relacionadas con aspectos curriculares, metodolóxicos e de avaliación, de carácter xeral.	1	
2.3. Actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación.	1	
2.4. Actividades relacionadas cos idiomas, cos temas transversais do currículo ou coa atención á diversidade.	0,5	
3. Publicacións:		
3.1. Publicacións de carácter científico, pedagóxico e didáctico relacionadas coa especialidade á que opta.	2	
3.2. Publicacións educativas de carácter xeral.	1	
4. Titulacións académicas (máximo 2 puntos):		
4.1. Polo título de doutor.	1	
4.2. Por cada titulación de grao superior distinta á alegada para o ingreso no corpo desde o que participa.	0,5	
4.3. Por cada titulación de grao superior en ciencias da educación distinta á alegada para o ingreso no corpo desde o que participa.	0,75	
4.4. Por cada titulación de grao medio ou diplomatura distinta á alegada para o ingreso no corpo desde o que participa.	0,25	
4.5. Outros estudos de posgrado.	0,10	
5. Antigüidade (máximo 3 puntos): Por cada ano de servizo como funcionario/a de carreira (non se computarán os esixidos como requisito).	0,20	
6. Cursos de lingua galega (máximo 1 punto): Iniciación Perfeccionamento	0,5 1	

Orde do 3 de marzo de 2004 pola que se convoca concurso de méritos para cubrir nos postos de asesores e/ou asesoras de formación nos centros de formación e recursos.

A Xunta de Galicia a través do Decreto 245/1999, do 29 de xullo (DOG do 1 de setembro), regula a formación permanente do profesorado que imparte ensinanzas de niveis non universitarios en centros docentes públicos e privados concertados da Comunidade Autónoma galega e establece, no punto 2º do seu artigo 1, que a dita formación permanente se desenvolverá a través do Servizo de Formación do Profesorado e dos centros de formación e recursos.

Para poder levar a cabo as súas funcións nos centros de formación e recursos existe un equipo de asesores e asesoras de formación, sendo competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determina-lo seu perfil profesional, o procedemento para o acceso á función asesora, o proceso de avaliación do exercicio desta e o cadro de persoal de asesores e/ou asesoras de cada centro de formación e recursos.

O perfil profesional dos candidatos e candidatas para desempeñar postos de asesores ou asesoras de formación nos centros de formación e recursos deberá responder ó dun profesional do ensino de niveis educativos non universitarios capaz de desenvolver-las funcións que recolle o Decreto 245/1999, no punto 2 do seu artigo 15. E, polo tanto, é importante que posúa unha sólida formación didáctica e pedagóxica, cun amplo coñecemento dos elementos que compoñen o proxecto educativo de centro, así como dos recursos didácticos de apoio ó ensino.

Neste senso, consideraranse as destrezas básicas no manexo das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ó ensino, os fundamentos

e as estratexias de avaliación e a capacidade de innovación e produción de materiais didácticos.

Ademais, deberá ser unha persoa capacitada para integrarse en equipos de traballo, con dotes de organización, comunicación e dinamización para desempeñar-las súas tarefas de asesoramento.

Debido á existencia de vacantes na plantilla de asesores ou asesoras de formación nos centros de formación e recursos, cómpre proceder a realiza-la oferta pública destas prazas.

En consecuencia, e en uso das atribucións que ten conferidas, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócase concurso público de méritos para cubrir nos postos de asesores e/ou asesoras de formación nos centros de formación e recursos e nas seccións que se especifican no anexo I desta orde.

Artigo 2º.-Concursantes.

Poderán participar neste concurso os funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas de niveis non universitarios, con destino en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e que reúnan os requisitos xerais fixados no artigo 3º desta orde.

Artigo 3º.-Requisitos.

Os profesores e as profesoras solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos con data do 31 de agosto de 2004:

1. Encontrarse en situación de servizo activo, ou servizos especiais, na Comunidade Autónoma de Galicia.